



1. LISTAS PARA ACTUAR COMO ADMINISTRADOR CONCURSAL 2017

Antes do 31.12.2016 o Colexio de Avogados debe remitirle ao Xulgado Decano da Coruña a lista de letrados dispostos a intervir como administradores concursais. Estas listas serán as empregadas polos xulgados mercantis da Coruña durante o exercicio 2017.

Por este motivo, ábrese un **prazo ata o vindeiro 30 de novembro ás 14.00 h** para que os colexiados **que non estean incluídos na lista do ano anterior** poidan solicitar a súa incorporación. Así mesmo, os letrados que estean de alta nesta lista poderán solicitar a súa baixa no prazo sinalado.

Requisitos para acceder a esta lista:

- Ser letrado exercente.
- Ter 5 anos de antigüidade no exercicio efectivo da avogacia.
- Ter contratada unha póliza de responsabilidade civil cun importe mínimo asegurado de 300.000 euros (Real decreto 1333/2012, do 21 de setembro, polo que se regula o seguro de responsabilidade civil e garantía equivalente dos administradores concursais).
- Tamén poderán incorporarse á dita lista as sociedades profesionais que cumpran os requisitos establecidos na Lei 38/2011, do 10 de outubro, de reforma da Lei concursal e na Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais.

As solicitudes presentaranse por escrito na secretaría do colexio antes do 30.11.2016 ás 14.00 h e deberán ir acompañadas da documentación xustificativa que corresponda segundo os requisitos indicados.

2. CONVENIO DE COLABORACIÓN CON CAIXABANK

O Colexio de Avogados e a entidade bancaria Baixabank asinaron un novo convenio de colaboración que ofrece condicións moi vantaxosas para todos os colexiados e colexiadas. Para beneficiarse desas condicións poderase acudir a calquera oficina da dita entidade e identificarse como colexiado do ICA de Santiago amosando o carné colexial.

Resumo de condicións:

1. Conta Profesional Colexiado

- Exenta de comisións
- Tarxetas Caixa Abierta e Visa Cassic gratuítas, sen cota anual
- VIA-T (peaxes de autoestrada): cota de alta e custo de mantemento gratuíto

2. Préstamo Profesional Colexiado

- Importe máximo: 60.000 €
- Prazo de amortización: 6 anos
- Tipo de xuro: 6 %
- Comisión de apertura, de estudo e de amortización ou cancelación: 0 %



3. Hipoteca Abierta (variable)

- Euríbor oficial + 1 %
- Sen comisión de apertura nin de estudo
- Posibilidade de ata 24 meses de carencia
- Prazo máximo: 30 anos

4. Tarxeta de crédito Visa Negocios

- Bonificación do 2 % en carburante
- Cota de mantemento gratuíta

5. Segurcaixa, con condicións vantaxosas en:

- Seguro para despachos
- Seguro de vehículos
- Seguro de accidentes

O texto completo do convenio e as súas ofertas pódense consultar na secretaría técnica do Colexio.

3. XORNADA: “DEREITO ADMINISTRATIVO. REFORMAS OPERADAS POLAS LEIS 39 E 40/2015, DO 1 DE OUTUBRO”

O Colexio de Avogados retransmitirá de maneira telemática esta xornada que terá lugar na sede do Consello Xeral da Avogacía Española.

Día: 23 de novembro de 2016

Horario: de 10.30 a 13.30 h

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago (retransmisión telemática)

Inscripción: libre, sen inscrición

Relatores: Javier Junceda Moreno (avogado) e Jorge Álvarez González (avogado)

Programa:

10.30-11.15 h: “As principais reformas operadas polas leis 39 e 40/2015, do 1 de outubro, en dereito administrativo. Unha visión de conxunto”

Relator: Javier Junceda Moreno

11.15-11.45 h: Coloquio

11.45-12.15 h: Descanso

12.15-13.00 h: “As novidades nas relacións entre os cidadáns e as Administracións Públicas que se incorporan á Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común”

Relator: Jorge Álvarez González

13.00-13.30 h: Coloquio



4. PRESENTACIÓN DO NÚMERO ESPECIAL DA REVISTA DE DERECHO URBANÍSTICO Y MEDIO AMBIENTE DEDICADO Á NOVA LEI DO SOLO DE GALICIA

O vindeiro **martes, 22 de novembro, ás 18.00 h**, terá lugar no salón de actos do Colexio a presentación dun número especial da Revista de Derecho Urbanístico y Medio Ambiente, que está dedicado á nova Lei do solo de Galicia.

A entrada será libre e non é necesaria a inscrición previa.

5. RECORDATORIO DE XORNADA: “O NOVO BAREMO DE TRÁFICO, PROCEDEMENTO E SISTEMA INDEMNIZATORIO”

Día: 24 de novembro de 2016

Horario: de 18.00 a 21.00 h

Lugar: salón de actos da facultade de dereito (antiga aula 1)

Prazas: 300, por orde de matrícula (quedan 60 prazas)

Inscrición: ata o 23 de novembro ás 14.00 h, na secretaría do ICA de Santiago

Matrícula: gratuíta para colexiados do ICA de Santiago, con inscrición previa por escrito
50 € para profesionais do dereito e outras persoas interesadas

Relator: Juan María Pena Lasso (avogado e asesor de diversas aseguradoras)